



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO CONCELLO PLENO
DO DÍA 8 DE XULLO DE 2019.**

ASISTENTES:

Alcalde-presidente

D. XOSE CARLOS VALCARCEL DOVAL (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as

D. VICTORIA MORENZA DOFORNO (PSdeG-PSOE)

D. MARGARITA PEREZ FERNANDEZ (PSdeG-PSOE)

D. JOSE RAFAEL SIERRA CARRIL (PSdeG-PSOE)

D. ABEL CORTÉS PÉREZ (PSdeG-PSOE)

D. M^a ELISABET GONZÁLEZ NISTAL (PSdeG-PSOE)

D. RAMÓN SELAS SEIJAS (PSdeG-PSOE)

D. M^a CONSUELO VISPO SEARA (PP)

D. MANUEL GONZÁLEZ VÁZQUEZ (PP)

D. ISABEL OTERO POMBO (PP)

D. JOSÉ LUIS DORRIBO PRADO (PP)

D. NIEVES CARRIL GÓMEZ (PP)

D. SERAFIN NÚÑEZ PEREZ (BNG)

D. CARLOS GONZÁLEZ DURÁN (BNG)

D.^a SERAFINA VARELAS VIEIRIA (DO)

D. RAMÓN PADRÓN CALVIÑO (GRUPO MIXTO)

Secretaria

D^a SILVIA ALONSO FERNANDEZ

Ausentes:

D^a M^a DOLORES GRANDE FERNÁNDEZ (PP)

No salón de Plenos da Casa do concello de Barbadás, sendo as 09:30 horas do día 8 de XULLO de 2019 reúnese en sesión extraordinaria e urxente, en primeira convocatoria, o concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. alcalde, coa asistencia dos Sres./as. concelleiros/as. Relacionados na marxe, actuando como secretario, Silvia Alonso

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida realización da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese á análise dos puntos da orde do día.





PARTE RESOLUTIVA

1. PRONUNCIAMENTO SOBRE A URXENCIA

O Sr. Alcalde toma a palabra: Bos días a todos e a todas. Benvidos a este pleno extraordinario urxente. O primeiro punto da orde do día é o pronunciamento sobre a urxencia. Pois ben, na documentación que se aporta, indícase que o 29 de abril do 19, resolveuse mediante un acordo plenario desta corporación, a aprobación inicial do orzamento para o exercicio 2019, que foi publicado no Boletín Oficial da Provincia, o día 18 de maio, evidentemente, do ano en curso, co fin de que todos os interesados ou interesadas puideran presentar as alegacións que foran oportunas e pertinentes, que considerasen oportunas e pertinentes, e o día 4 de xuño, o sindicato CSIF presenta alegacións a este orzamento. Tendo en conta que o anuncio do acto de aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia de Ourense produciuse o día 18 de maio, unha vez computados os prazos correspondentes, que son de quince días hábiles, o prazo en cuestión, finaliza o 7 de xuño. En consecuencia, o pleno da corporación, dispón do prazo dun mes para resolver as reclamacións presentadas e o último día para resolver estas alegacións, o día 8 de xullo do 2019, é dicir, hoxe. Este é o motivo polo cal se convoca o pleno extraordinario urxente e polo tanto procede someter á consideración do plenario esa consideración de extraordinario e urxente. Votos a favor da urxencia?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Partido Socialista, BNG e Grupo Mixto.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Si. Moitas grazas. Polo tanto, unha vez aprobada a urxencia... ah! Perdón, si. Abstencións?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Partido Popular, abstención.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: **“Pronunciamento sobre a urxencia”**

2- EXPEDIENTE 1635/2019. RESOLUCIÓN DE ALEGACIONES AO ORZAMENTO

O Sr. Alcalde toma a palabra: unha vez aprobada a urxencia deste pleno extraordinario, pasamos ao expediente 1.635 que é a resolución de alegacións ao





orzamento. Pois ben, como poden ver, hai informe de intervención, no que consideran, ben, no que se fai referencia a unha serie de documentación e de feitos que se deron neste caso. Hai un informe tamén do tenente alcalde en funcións, en relación á reunión sindical que houbo, a reunión coa mesa, na que están distintos sindicatos na que se aportou unha serie de documentación. En base a esa información máis o documento da acta e os feitos que se produciron e que se reseñan aquí no expediente, considérase desde intervención que non proceden estas alegacións. Non sei se queren máis detalle ou non é preciso? Ben. O sindicato CSIF alega que non se observou procedemento por aprobarse inicialmente sen preceptiva negociación colectiva, para a continuación referirse a que a mesa de negociación, convocouse o 15 de febreiro de 2019 e celebrouse o 19 de febreiro do mesmo ano, evidentemente. Queda por tanto fóra de toda dúbida, que efectivamente se convocou e celebrou mesa de negociación en tempo e forma. Alegan que en ningún momento se debateu o negociou sobre os mesmos, porque non se facilitou, ás organizacións sindicais, toda a documentación precisa para unha correcta e axeitada negociación. A documentación facilitada ás organizacións sindicais, antes había que abrir comiñas e pechar comiñas. A documentación facilitada ás organizacións sindicais foi toda a documentación que existe a nivel de gastos de persoal. Neste senso, esta intervención que é quen supervisa e coordina a elaboración dos orzamentos do concello, e no que atinxe aos gastos de persoal, mesmo determina a cantidade suficiente para atender ás necesidades previstas, e quen facilita a documentación nesta materia. Isto é algo que os sindicatos coñecen, polo que se precisan aclaracións ou explicacións a maiores, non tiñan máis que pedila. En anteriores ocasións, a comunicación foi fluída e incluso oficiosa de cara a dar toda a información que precisasen e mesmo pola canle ou no formato que lle resultase máis cómodo e axeitado. Non se entende que neste caso, de non estar conformes coa documentación facilitada, non solicitasen máis información. Refírense ao seguinte, abro comiñas: “Coa convocatoria déusenos traslado dun anexo de persoal con relación de persoal do concello, coas retribucións previstas para o 2019, e dun borrador de persoal en onde constan unha serie de números e indicacións manuscritas, realizados por non se sabe quen” . Pecho comiñas. Tal e como se indica máis arriba, abro comiñas, “non se sabe quen”, pecho comiñas, é ao departamento de intervención a quen se dirixiron sempre





para pedir informacións e aclaracións. Por outra parte, refírense ao feito de que se lles entrega un anexo de persoal e un borrador. Toda a documentación facilitada, obviamente, é un borrador, xa que non foi aprobada e se entrega para unha fase previa de negociación. A información relativa aos funcionarios, persoal laboral fixo e funcionarios interinos, entrégase nun formato de desagregación que permite comprender individualizadamente os importes dos soldos, trienios, complementos de destino, complemento específico, de cada posto de traballo. Se a información se entregase para o persoal laboral indefinido, coa mesma presentación que ten finalmente no orzamento, tal como se fixo coa información relativa a funcionarios e persoal laboral fixo, non se aportaría información individualizada, xa que os datos preséntanse agregados. Aos efectos de facilitar unha información máis detallada respecto do persoal laboral temporal, esta interventora fixo entrega dunha documentación desagregada por partidas orzamentarias, e por posto de traballo, con indicación do número de efectivos, do soldo e dos trienios correspondentes. Esa información facilitada ten o máximo nivel de desagregación posible. Toda a documentación ten oficialidade e subministrouse, aínda que con distinto formato, incorporando o selo do Concello de Barbadás. Hai outra alegación que di que, que fai referencia ao punto número 7 do EBEP, no artigo 34.7. ambas partes estarán obrigadas a negociar baixo o principio da boa fe, e proporcionarse mutuamente a información que precise relativa á negociación. Isto é a alegación do CSIF. O informe que nos facilita a señora interventora, indica, que como queda dito, o concello subministrou coa convocatoria, aos sindicatos información desa agregada, moi detallada e moi resumida, como podería ser unha eventual memoria. Respecto dos gastos de persoal cara o exercicio 2019, incorporados no orzamento elaborado. Coa información aportada, os sindicatos puideron ter coñecemento de todas as vicisitudes do cadro de persoal funcional e laboral do Concello de Barbadás, exercicio 2019. Tamén hai nas alegacións recóllese informacións do tipo, abro comiñas, “a administración non procedeu de boa fe”, pecho comiñas, así coma que, abro comiñas, “en ningún momento se debateu ou negociou sobre os mesmos”. Respecto da alegación dunha suposta mala fe deste concello, incidir na plena dispoñibilidade do servizo de intervención respecto da documentación facilitada, afirmándose neste intre que en ningún momento se solicitou máis información por parte das partes sindicais. Toda a información necesaria,





constaba incorporada a actual convocatoria, o que se refrenda no informe da secretaría municipal, tamén presente na mesa de negociación, e secretaria ademais da mesa de negociación. A propia secretaria, da fe da documentación aportada sendo esta a única necesaria para a negociación. A propia secretaria, da fe de que o sindicato non solicitaron máis información durante o período da convocatoria, do que se induce a conformidade dos mesmos coa xa facilitada. Respecto ao da falta de negociación, consta informe do concelleiro de facenda, do que explica, abro comiñas “ no transcurso desa reunión, informei pormenorizada mente da contratación de persoal temporal do concello para o ano 2019, así coma das partidas de persoal dos orzamentos e dos incrementos salariais aplicados, conforme ao establecido nos acordos estatais para a administración pública”. Pecho comiñas. Presentada toda a información necesaria, en formato físico, documental e oficial, e explicado verbalmente o contido do capítulo 1, a través do seu concelleiro de facenda, o concello coa reunión da mesa de negociación, verifica absoluta disposición para a negociación colectiva. Por todo o antes dito, non parece axustado á realidade, alegar a falta de boa fe. Conclusións: non se aprecia unha eventual nulidade da tramitación por omisión de trámites esenciais, xa que non se desenvolveu en tempo e forma, xa que non só se desenrolou en tempo e forma a mesa de negociación, extremo non discutido polos sindicatos, senón que resulta palmaria a disposición deste concello á negociación. Presentada toda a información necesaria en formato físico, documental e oficial e explicado verbal mente o contido do capítulo 1, a través do seu concelleiro de facenda, o concello, nunha reunión da mesa de negociación, verificada a absoluta disposición para a negociación colectiva. Polo mesmo, non se aprecia ningunha mala fe por parte da administración, cando a documentación facilitada foi presentada co máximo desagregación posible, en tempo e forma, levándose a cabo a negociación no marco dunha mesa de negociación, convocada e celebrada a tal efecto e onde, como queda dito, se facilitou por parte do concelleiro de facenda, toda a información pormenorizada, da contratación de persoal no concello, para o ano 2019, así como das partidas de persoal dos orzamentos e dos incrementos salariais, aplicados conforme ao establecido nos acordos estatais, para a administración pública. Todo elo, nun marco no que a falta de aprobación dos orzamentos, si ocasiona, refírese aos orzamentos do Estado, si ocasiona un grave trastorno ao funcionamento do concello, en xeral, e ao





normal desenvolvemento da xestión dos gastos de persoal. Despois, apórtase tamén o informe completo do señor concelleiro de facenda naquel momento, e tamén, hai un informe de secretaría, no que fai tres afirmacións. Primeira, achégase como anexo a documentación subministrada coa convocatoria da mesa xeral de negociación. Non consta que CSIF, fixera requirimento de documentación, entre o tempo que media dende a convocatoria e a celebración da sesión. Solicitada a información ao departamento de rexistro xeral, non consta entrada de documento algún por parte do citado sindicato, entre as datas 11 de febreiro e 14 de febreiro, ambos inclusive. Respecto á intervención do señor Fírvida, tivo carácter introdutorio do punto a tratar presentando a documentación enviada coa convocatoria indicando simplemente, os que se aplicarían respecto ás retribucións, e informando da existencia de varios procesos selectivos en curso. Tamén se aportan, as alegacións do CSIF, desta información que hai que facilitar en relación a este asunto. Son as únicas alegacións que se presentaron. A proposta da alcaldía evidentemente, é rexeitalas en base aos informes que aporta tanto secretaría coma intervención. E isto é o que se somete a consideración. A partir deste momento, é a quenda de palabra de cada un de vostedes. Lembrando, cinco minutos na primeira intervención e tres na segunda. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Grupo Mixto.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Bos días a todos e a todas. Nada. sobre este tema, nós vamos a dicir que este orzamento, nós votamos en contra no seu día, porque considerabamos que non se axeitaba ao que nós pensabamos que, por onde debería ir o gasto deste concello. Non presentamos alegacións porque serían totalmente rexeitadas, porque non terían nada que ver coa realización do orzamento en base a que estivera ben feito ou non. Simplemente, eran pois por discrepancias coas partidas de gasto que realiza este grupo de goberno. Iso é unha cuestión política que non ten que ver coa cuestión administrativa ou de realización do orzamento. Hai unhas alegacións presentadas aquí. O que si, botamos en falta por parte deste goberno, neste caso do señor alcalde, que nos fixera un relato dos feitos despois da convocatoria desa reunión de febreiro ata a presentación do orzamento. Se, as reunións que houbo cos sindicatos, en que termos se produciron. Dicir que tampouco temos, ben, polo que se ve aquí en toda esta documentación, dende a data desa reunión do 19 de febreiro, non hai, ou se nos din o contrario, non hai ningún escrito presentado polos sindicatos, solicitando máis





documentación. Está claro que entre a convocatoria da reunión e a realización da mesma, como se di aquí, non houbo ningunha petición de máis información. O que non sabemos é se, polo informe de intervención parece que así o di, que tampouco houbo ningunha petición formal de o rexistro de máis documentación, antes do que foi a presentación de orzamento. Entón, pois era que nos respondera a esas cuestións. Nada máis.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. O voceiro do Bloque Nacionalista Galego, por favor. Ah, reparten o tempo. Avíseme porque podía ser que se...dous minutos e medio, quedan.

A Sra. Varelas toma a palabra (Grupo Mixto): Vou ser rápida. Bos días a todos. Dikir que Democracia Orensana, aprobou os orzamentos estes. Non vou a debater os orzamentos, vou debater o que se trae aquí, as alegacións que hai. Eu penso que, ben, non estiven presente nestas reunións. Non sei os papeis dunhas cousas, pero eu penso que no Concello de Barbadás, tiñamos que arranxar dunha vez por todas e ter unha RPT, para que moitos destes problemas que se causan, teñan solución. E penso que, ben, que é o máis importante porque realmente, penso que eles decatáronse das cousas que pasou. Alegan pouco tempo, pero eu despois de ler toda esta documentación, penso que o máis importante que temos que facer, a ver se nesta lexislatura conseguídelo sacar adiante, e facer unha RPT. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas dona Fina. Ten a palabra o voceiro do Bloque Nacionalista.

O Sr. Núñez toma a palabra (BNG): Si, ben, bos días a todas e a todos. Ben, dende o grupo municipal do BNG, en primeiro lugar quixéramos facer unha reflexión recordándolle a este sindicato, aínda que non estea presente, pero si unha reflexión, digamos en alto, que este país, neste país existe unha serie de leis, de normativas, coma é a Lei de Normalización Lingüística, coma é o Estatuto de Autonomía, que polo tanto teñen unha obriga legal de redactar calquera escrito que presenten en calquera administración pública, na nosa lingua, en galego. Coma ven, non o fan. Con respecto a alegación, vamos a falar da primeira parte da alegación, da primeira alegación onde referimos que é absolutamente falsa. É dikir, posicionámonos politicamente e rotundamente, contrarios a esta alegación. Na reunión á que se refiren e que como





quedou claro, presidiu neste caso o ex tenente alcalde, Xosé Manoel Fírvida, e foron unhas reunións absolutamente, que se convocou formalmente a tódalas organizacións sindicais de representantes de traballadores desta institución e que, ben, si hai que reseñar, efectivamente, a ausencia do xefe de persoal deste concello nesa reunión que nós dende o BNG, entendemos que debera ser a persoa que debera presidir este tipo de reunións. Nalgunha ocasión, este concelleiro, acompañado de Victoria Morenza, presidiu tamén reunións de mesa sindical deste tipo. Entendemos que ten que ser o xefe de persoal quen presidira, efectivamente, estas reunións. No tocante a ese escrito manuscrito e ao que se refiren, dicir que aí si figuraba un cargo de persoal que efectivamente está nos orzamentos deste ano 2019 e que fora elaborado, este documento, polo servizo de intervención municipal. Visto o informe do servizo de intervención municipal ao que acaba de referirse o señor alcalde, entendemos que, e tamén no referido, no segundo folio da alegación, vou a ler literal, vou ler, onde di que é indubidable, abrindo comiñas “que non se nos facilite a información precisa para unha axeitada comprensión da partida orzamentaria, dos criterios de retribución dos salarios dos traballadores deste concello, das modificacións respecto do anterior, e se se produciu ou non algunha baixa ou aumento de persoal respecto ao cadro de persoal do ano anterior”, temos que dicir que seguen faltando á realidade, xa que naquel escrito manuscrito ao que se refiren, si que se informou detalladamente do salario base e dos complementos de cada traballador, de cada traballador desta institución. Onde efectivamente se seguiron aqueles criterios que establece a lexislación vixente para a redacción destes salarios e destes complementos. Entendemos que se o CSIF considera que aquel documento, pois non era legal, teñen as portas abertas da fiscalía para facer a denuncia pertinente. O ex tenente alcalde, Xosé Manuel Fírvida, informou naquela reunión, polo miúdo, posto de traballo a posto de traballo, sobre as modificacións retributivas que para este ano 2019, existían, esas modificacións no tocante ao orzamento do 2018. Tamén se informou, por parte de presidente desa comisión, Xosé Manoel, de tódalas contratacións de persoal para ese ano, sempre que supuxesen algunha modificación en relación co orzamento de 2018. De feito, dedicouse a recoller determinadas suxestións que por parte dos presentes á reunión e no remate da reunión, comenta en voz alta sobre se esa información é ou non suficiente para os representantes,





eses trece representantes dos traballadores que asistían a esa reunión. Os representantes sindicais manifestan que é suficiente a información. Votan en contra, xa que entendían que a información debiera ser entregada por escrito e que solicitaban unha, outra reunión máis. Non se solicita, non se admite por parte da presidencia, outra reunión, xa que a información estaba literalmente concretada e estaba por riba da mesa. Dizer que foi unha reunión consultiva e que resulta, ao noso entender, politicamente, resulta un absurdo, que un sindicato, que está claro que representa a quen representa, que era boicotear estes orzamentos. Eh! Porque, e leo o punto 2 e o punto 3 do informe de secretaría, onde se refire, xa o dixo o señor alcalde tamén na intervención, que non consta que o CSIF fixese requirimento posterior desta reunión, entre o 1/2/19 e o 14/2/19, solicitando nova información. E tamén relativo ao informe que presenta o señor Fírvida relacionado con esta cuestión.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten que rematar. Ten tres minutos posteriormente.

O Sr. Núñez toma a palabra (BNG): De acordo. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Grazas. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Bos días a todos e a todas. En relación ás alegacións do CSIF, comentar que o Partido Popular, no seu momento votou en contra dos orzamentos polo motivo do que estaba pasando co persoal deste concello. Aparte, se nos remitimos á acta dese pleno, o Partido Popular, en todo momento, dixo que ben, non constaba ningunha partida para facer modificacións sobre o persoal deste concello, que era a petición que tiñan os sindicatos enriba da mesa. Non vamos a entrar nesta alegación do CSIF porque entendemos que hai un informe de intervención e secretaría, onde di moi claro, pois que se, que non pediron documentación e que se entregou correctamente. Nós temos que facer, loxicamente, témolo que facer en base a eses informes. O que si, non estamos de acordo é que realmente quen debe presidir estas mesas, son, neste caso o alcalde, que é o xefe de persoal. O que si, vamos a seguir reiterando que eses orzamentos foron votados en contra porque víamos que non había ningunha partida para modificar o que, a reivindicación de tódolos empregados deste concello en canto a subidas salariais. Entendemos que o primeiro que hai que facer é sentarse para buscar unha solución á relación de postos de traballo. Nós, cando foron,





agora fai un mes e pico as eleccións, o que propoñíamos o Partido Popular, e falado cunha serie de traballadores deste concello, era o primeiro, sentarse con eles nunha mesa, cos traballadores, cos sindicatos, e sabíamos que realmente non se ía poder facer nun ano, porque realmente, a subida salarial que si temos coñecemento do que podía supoñer para este concello, para as arcas e para os veciños de Barbadás, había que facelo en varios anos, non puntualmente nun ano porque a subida podía deixar as arcas un pouco tocadas, por dicilo así vulgarmente. Esa era a nosa opción, sentarse, e en dous, tres anos, facer esa subida salarial. Pero creo que o primeiro que ten que facer este concello, e visto que antes das eleccións os traballadores deste concello, saíron á rúa e creo que se isto segue así, van seguir saíndo, é sentarse cos sindicatos, con eles mesmos e propoñer unha relación de postos de traballo, que creo que é por onde hai que empezar e esas subidas salariais. O Partido Popular, vaise abster porque entendemos que estas alegacións do CSIF, en base ao que dicía anteriormente, en base aos informes de intervención, aos informes de secretaría, pois loxicamente, nós non estamos nesas mesas e para valorar algo temos que estar presentes. Témonos que loxicamente, son fedatarios públicos e témonos que facer, temos que fiarnos do que realmente nos poñen estes papeis. Imaxino que será así. Botamos en falta un informe do señor alcalde, onde realmente nos relate todo isto, pero entendemos que polo que nos estaban comentando, nesa mesa, non estaba o xefe de persoal que creo que é o primeiro que debe de presidila, e velar pois, para que todo isto vaia a bo porto. E esperemos que durante esta lexislatura, sexa o primeiro que se faga, esa RPT e esa subida salarial que tanto reclaman os traballadores deste concello. Creo que o xefe de persoal agora é vostede, creo que ten un bo problema enriba da mesa e esperemos que estea aquí para que isto todo se arranxe. De momento, o Partido Popular, nada máis.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, dona Chelo. Ten a palabra, ou ben Fina ou Ramón. Contestarei cando considere. Podo contestar ao final. Ramón, quen dirixe isto son eu, de momento. Dirixirei eu coma considere. Podo contestar agora ou podo contestar despois. Pero, contestarei cando considere.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): ben, eu pregunteille na primeira intervención, que fixera un relato, que conteste agora, despois non me dá a posibilidade de contestarlle. Claro. Está ben. Pois, pois nada. Está clarísimo aquí, están os informes





de intervención; están os informes de secretaría, en relación ás alegacións que presentan. Non vamos a entrar aquí en disputas. O que está claro é que esperemos que para o ano que ven, non se volva repetir a situación deste ano, porque iso era un dos graves problemas que nós xa dixemos dende o pleno de investidura, que padece esta institución. Vostedes decidiron gobernar, por si sos e a ver se son capaces de resolvelo. Pero, creo que xa vamos por mal camiño, cando de novo o alcalde, deste concello, ou se fora, coma dixemos nós no seu día, ou a alcaldesa, que presidira este concello, debería ter unha dedicación exclusiva a este concello, porque este concello necesita dunha persoa ao mando, tódolos días. E non é nada persoal con ninguén pero é o que pensamos nós, que Barbadás debería ter unha persoa ao mando tódolos días, porque estes problemas vanse a seguir repetindo, ao noso modo de ver. E esperemos que a persoa de, que agora é responsable da área de persoal, que para nós tería que seguir sendo o señor alcalde, pero ben, vai a delegar nun concelleiro, e esperemos que teña éxito, polo ben dos cidadáns. E se solucionen todos estes problemas. E xa digo, que non se volva a repetir o deste ano, un orzamento presentado no mes de maio, á véspera dunhas eleccións, e cunhas alegacións presentadas por uns traballadores, vamos aprobar un orzamento no mes de xuño, ou xullo. Polo tanto, esperemos que para o ano que ven, o orzamento se presente en tempo e forma, e se aprobe antes de vencer o ano, e se acabe con toda esta problemática, que o único que trae son problemas para os veciños e problemas para todas aquelas institucións que dependen tamén do diñeiro do concello, porque isto, o único que fai é trabar trámites, demorar moitas cuestións por problemas que deberían estar solucionados dentro desta casa. Nada máis.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Quédanlle vinte segundos, señora Varelas, se quere falar?

A Sra. Varelas toma a palabra (Grupo Mixto): Nada. Os orzamentos, esperemos que os vindeiros, se presenten tamén coma dixo Moncho, o compañeiro Moncho, en tempo e forma. Sobre todo para non andar con presas e correndo, e recordarlles que fagan dunha vez por todas unha RPT e que miren polos funcionarios, e que as persoas, os traballadores, hai que telos contentos, sobre todo para que traballen con cariño, con amor polos veciños de Barbadás. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, dona Fina. Ten a palabra o voceiro do





Bloque Nacionalista.

O Sr. Núñez toma a palabra (BNG): Ben, dicir que no tocante ao último parágrafo desta alegación, onde o CSIF, se refire a que non houbo, que non se produciu negociación algunha nesta materia, e entende que os supostos deben considerarse nulos, ben, hai que entender que nunha reunión, onde se reúnen catorce persoas, onde están tódolos representantes dos traballadores desta institución, e que dura, polo que comentan, varias horas, entendemos que foi un tempo absolutamente suficiente, para negociar e para resolver estas cuestións. O que si, ao mellor, haberá que reflexionar un pouco en alto, se este sindicato, representando a quen representa, está máis habituado a negociar noutros estamentos, noutras institucións, nos despachos dos conselleiros ou ben nas terrazas dos bares, e non entenden o que é unha mesa de negociación. Con respecto á segunda alegación, di no terceiro parágrafo, que nesa acta da reunión, que a administración non procedeu de boa fe. Traduzo literal, porque non proporcionou ás organizacións, ou traduzo, na miña lingua, as organizacións sindicais a información precisa. Ben, é unha valoración, absolutamente, subxectiva e para nada baseada en actos reais, xa que no concello, dende o Concello de Barbadás, tamén se puidera interpretar, se efectivamente hai esa mala fe por parte do sindicato, cando presentan esta alegación contra os orzamentos, cunha clara intencionalidade de boicot á labor de goberno que se estaba facendo nese momento. Resulta curioso que en vinte e oito anos contados do 2015 para atrás, cando gobernou o Partido Popular esta institución, non houbo, que me conste, mesa sindical nin nada similar ao respecto. Nin negociacións ao respecto dos orzamentos, nin este tipo de cuestións. E agora, cando a partir do 2015, pois, por parte desta central sindical, si que houbo estas reunións periódicas con eles e con outras organizacións sindicais, para negociar convenios colectivos, etc, etc. E resulta que, a única vez que dende esta institución se procede a unha mesa para negociar, unha mesa consultiva para negociar cos sindicatos, pois, se presenten este tipo de alegacións. Polo tanto, queda ben claro o proceder deste sindicato. E estamos absolutamente contrarios, votamos en contra desta alegación. Remato. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Remítome ao anteriormente dito, na miña primeira





intervención. Eu creo que o que dicía anteriormente de que o señor Selas ten un bo problema enriba da mesa, é porque o señor alcalde, durante estas mesas de negociación, pois non soubo atallar este problema. De feito, faise constar que nesta última, onde se presentou esta alegación, o sindicato CSIF, que non vou a valorar se está ben feita ou está mal feita esta alegación, coma di o representante do Bloque Nacionalista Galego, entendemos que é un sindicato que defende aos dereitos dos traballadores. Durante estas mesas, nas que nós pedimos, en tempo e forma, copia de tódalas negociacións, non se levou a cabo nada, e por iso os traballadores saíron á rúa. Entón, entendemos que se o señor alcalde non foi capaz nese momento, esperemos que o señor Selas, que ten catro anos por diante, pois, se quere pedir axuda ao Partido Popular non hai ningún problema, xa que vostedes van en minoría, nós estamos dispostos, a si que sabemos como ter esa negociación cos traballadores. Expusémoslla fai dous meses, cando falamos por parte deles para ter unha solución. Creo que como dicía o señor Sarín, as terrazas dos bares non creo que o CSIF negocie estas cousas senón que para iso ven ás administracións, é por defender un pouco, porque creo que nas terrazas dos bares non se debe negociar nunca, senón que para iso hai mesas sindicais. Convenio colectivo? Esperemos que o señor Selas o leve a cabo. E que os traballadores non teñan que volver a saír á rúa. Non teño nada máis que dicir. E esperemos que isto se solucione o antes posible. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben. Moitas grazas. Vamos empezar polo principio. Señor Ramón. O alcalde non ten que facer relatorio de nada, de isto, do acontecido. O alcalde, acaba de facer relación nun pleno, en base aos informes que recibe e cando se producen as alegacións. Vostedes poden vir aquí ao concello para preguntar sobre a situación de cada unha destas, destes puntos. O alcalde, non lle vai remitir a todos vostedes as alegacións dos sindicatos. Se os sindicatos tiveran a cortesía suficiente e valorasen a labor política de cada un dos grupos políticos, o que terían que facer era remitirle a vostedes. Pero, dende logo, que dende secretaría ou dende intervención, non hai porque remitalas. O que si sería loable, loable, sería que os sindicatos, unha vez que presentan unhas alegacións a un documento tan importante coma é o orzamento, que llo houberan feito chegar a todos vostedes. Non sería nada desatinado, dende logo, paréceme a min. Eh, é unha opinión persoal, que pode discrepar con ela. E dicirle que o señor alcalde segue sendo o xefe de persoal, pero tamén dicir que o alcalde pode delegar





determinadas cuestións en diversos concelleiros e concelleiras. É así coma existe en moitísimos concellos, máis pequenos que o noso e máis grande que o noso. Entón, insisto, as alegacións pódenas remitir os sindicatos a calquera grupo político sen ningún tipo de problema. Sería de valorar pola parte deles esa cortesía. A Fina, a señora Fina, dicirlle que independentemente á existencia dunha RPT, existe a obrigatoriedade dunha negociación colectiva, dunha negociación sindical, mellor dito, cos sindicatos, en relación ao capítulo un, que é o capítulo de persoal. E dito iso, hai que dicir que o capítulo un, neste concello, o capítulo un dos orzamentos que é o que afecta ao persoal, nunca se negociou cos sindicatos, ata que chegou este goberno. E tamén é certo que, o primeiro ano, non se negociou. Descoñecíamos iso. A partir de aí negociouse sempre. Pero todos os anos anteriores, non houbo negociación sindical do capítulo un, cos sindicatos. E dicirlle ao señor Sarín que afondando no que di vostede, que en relación á xuntanza cos sindicatos, que foi explicativa e consultiva, e que non precisa, el sábeo perfectamente pero vouno aclarar, non precisa da aprobación dos sindicatos. É explicativa, consultiva e con ánimo de mellorar cousas se é posible, e de expoñer situacións, pero non se precisa aprobación dos sindicatos para levar o capítulo un nos orzamentos. Dicirlle á señora Chelo, tamén brevemente, si que é certo que hai unha carencia en canto aos salarios dos traballadores e das traballadoras deste concello. pero, dende logo, que hai un partido político que se chama Partido Popular que gobernou aquí vinte oito anos e que deixou aquí esta situación. Unha situación que xa se explicitou moitas veces neste pleno, que é de traballadores que desempeñan funcións que non son acordos á súa, ao seu contrato; salarios distintos para traballos iguais, dicirlle que o Partido Popular tampouco foi quen, durante vinte oito anos, de conseguir unha negociación colectiva con eles. Aquí, este goberno, está a punto de pechala. Está a punto de pechala. Si, practicamente hai acordo en practicamente todo. Queda a táboa salarial, señora Chelo. Hai que pulir diversos asuntos, pero, chegaremos a un acordo. Vostede por iso non se preocupe que esta alcaldía, este goberno e o anterior estaban dispostos a pechar acordos. E voulle poñer exemplos de todo iso, de cousas que vostedes deixaron no aire durante moito tempo. Mire, este concello, este alcalde e o anterior goberno, chegou a acordos que os sindicatos nos trienios; chegou a acordos cos sindicatos nas pontes; chegou a acordos cos sindicatos nos asuntos propios; chegou a acordos sindicais





na remuneración das baixas laborais. Xa me dirá vostede senón houbo acordos cos sindicatos? Negociando cos sindicatos as bases de contratación. Ben. Queda o convenio colectivo. Certo. Pecharase con eles o convenio colectivo. Polo tanto, esta era a última intervención, votamos este punto da orde do día. Resolución das alegacións ao orzamento. Votos a favor das alegacións? Votos en contra?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Partido Socialista, votos en contra.

O Sr. Alcalde toma a palabra: E Bloque Nacionalista.

A Sra. Secretaria toma a palabra: E, máis BNG.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Abstencións? O resto.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Abstense o Grupo Mixto e o Partido Popular.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos ao punto tres

A Sra. Secretaria toma a palabra: Por tanto, enténdese rexeitada.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Rexeitadas esas alegacións, si.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando rexeitada cos votos a en contra de PSdeG-PSOE e BNG e as abstencións de PP e Grupo Mixto o seguinte acordo: **“Expediente 1635/2019. Resolución de alegacións ao Orzamento”**

3. APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO 2019.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos ao punto tres, que é a aprobación definitiva do orzamento 2019. Votos a favor da aprobación definitiva?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Partido Socialista máis BNG, votan a favor da aprobación definitiva do orzamento.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Abstencións?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Fina Varelas, abstención.

O Sr. Alcalde toma a palabra: En contra?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Partido Popular e Ramón Padrón.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Un momentinho, nada máis. Vale.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor de PSdeG-PSOE e BNG, a abstención de Serafina Varelas Viera (Grupo Mixto), e os votos en contra de PP e Ramón Padrón (Grupo Mixto), o seguinte acordo: **“Aprobación**





definitiva orzamento 2019”

4. EXPEDIENTE DE DECLARACIÓN DE NECESIDADE URXENTE E INAPRAZABLE PARA A CONTRATACIÓN DUNHA TÉCNICO, OU DUN TÉCNICO, PARA A ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL.

O Sr. Alcalde toma a palabra: O cuarto punto da orde do día é o expediente de declaración de necesidade urxente e inaprazable para a contratación dunha técnico, ou dun técnico, para a escola infantil municipal. Ten a palabra a señora concelleira.

A Sra. Pérez toma a palabra (PSOE): Bos días. Ben, coma en ocasións anteriores, traemos de novo este ano, a petición, ou a proposta mellor dito, para a contratación dun técnico ou dunha técnica da escola infantil municipal, para os dous vindeiros cursos escolares, 2019/2020 e 2020/2021. Ben, informe da necesidade de contratar este técnico ou esta técnica, pois, segue sendo a mesma que en ocasións anteriores. Temos, neste momento, a situación actual é a mesma, temos de todos os traballadores do servizo, temos neste momento catro técnicos e unha asistente infantil con redución de xornada, polo que quedan horas sen poder cubrir co resto do persoal e fai falta pois, cubrilos, para poder dar esa atención nesta escola infantil, xa que o seu horario, como ben saben, pecha, é de sete e media a oito e media da tarde. De sete e media da mañá a oito e media da tarde. Entón, ben, a parte da necesidade de cubri-lo, temos que cubrir tamén os ratios que nos esixe a lei e tamén prestar a máxima atención e a mellor atención de calidade a todos os nenos e nenas que veñen a esta escola infantil. Por iso, ben, pois aparece aí ese informe, e dicir que esta contratación non supón un incremento de cadro de persoal da escola infantil municipal, xa que ao estarse cubrindo na actualidade, dito posto. Nada máis.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Grupo Mixto. Van a compartir tempo? Supoño, non?

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Rapidamente. Si, si. Gustaría que nos explicara, en base a que se encontra, o persoal que se encontra en situación de redución de xornada e por que se esta contratación vai a ser, non para un ano só, senón para dous anos. E se se resolveron os problemas que existían na escola infantil ata hai pouco tempo. Con relación ao que falou antes o señor alcalde, señor alcalde, vostede claro que





dá explicacións se quere, non está obrigado, pero ben, o seu deber, vimos a un pleno e darlle explicacións, pois se un concelleiro lle pregunta, pois, digo eu que canta máis información nos dea, para iso estamos aquí. Tamén dicir que ten vostede a razón, o que pasa que antes tamén non nos deu tempo, porque como xa temos a metade. Ningún sindicato se dirixiu a nós, iso tamén é verdade. Que deberían, nun tema tan importante coma foi o de que se demorara a aprobación deste orzamento, pois tamén deberían falar coa oposición, que estamos aquí e que o votamos. E que o que si nos quedou no aire, pero ben, preguntáremolo despois, é se se, se recibiron o informe de intervención os sindicatos. Nada máis.

A Sra. Varelas toma a palabra (Grupo Mixto): Ben, non sei se poderei empezar. Si, si, pero vou mirar se empezou co reloxo ou... Podo intervir?

O Sr. Alcalde toma a palabra: Si, si, por favor.

A Sra. Varelas toma a palabra (Grupo Mixto): Nada. Facer dúas preguntas. Cal é o motivo, coma dixó o meu compañeiro, cal é o motivo da redución de xornada dos traballadores? Un. Segundo, por que se trae agora para dous anos cando se viña traendo de ano en ano? Terceiro, pois o máis importante, a ver coma vai o tema da gardería porque na final da lexislatura pasada, houbo pois un pleno que se expuxeron moitos problemas. Non sabemos a día de hoxe se as cousas están resoltas. E a ver coma ides a afrontar o tema que se expuxo aquí no pleno. grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Grazas a vostede, dona Fina. Ten a palabra o voceiro do Bloque Nacionalista.

O Sr. Núñez toma a palabra (BNG): Si, a ver, dende o BNG, estamos absolutamente de acordo con esta proposta que se trae, de contratación dunha técnico, pola situación que reseña a concelleira delegada de área no servizo. Das catro reducións que viñamos, digamos mantendo, durante estes anos e que agora xa son cinco, porque tamén hai unha asistente infantil que está tamén en redución de xornada. Polo tanto, creo que xa recordo, xa é o terceiro ano que traemos, que se ven reiterando esta proposta e entendemos que é absolutamente necesario reforzar o servizo para dar unha atención de calidade nas horas que non se cobren. Nada máis.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, señor Serafín. Ten a palabra a voceira ou voceiro do Partido Popular.





O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Ben, bo día a todas e a todos. Vamos a ver, coma xa votamos no ano 2018, o noso sentido na votación foi a favor. Pois entendemos que realmente é un servizo moi importante para a nosa cidadanía, para a cidadanía de Barbadás e que temos que prestar ese servizo, e a maiores un servizo de calidade. De todas maneiras hoxe, si temos a intención de votar a favor esta contratación, pero vámola condicionar a que a señora responsable da área de educación, nos dea unha serie de información. Vamos a ver, na mesma liña que compartimos cos voceiros do Grupo Mixto, non entendemos por que a contratación se fai a dous cursos. E entón, si que queremos que nos dea explicacións sobre o tipo de contrato que se lle vai a realizar á persoa, que se contrate, e se vai ser un contrato de obra ou servizo, ou vai ser un contrato por acumulación de tarefas, porque entón esta proposta para dous cursos, se cadra, non está axustada á legalidade. A maiores, tamén, a ocupación que se pretende contratar, non entendemos se é a de técnico infantil ou a da asistente infantil, porque entón xa aí temos outra condicionante máis para poder realizar esta contratación. E a outra pregunta é, cando iniciaría o contrato? Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, don Manuel. É hora da concelleira se quere facer uso dela.

A Sra. Pérez toma a palabra (PSOE): A ver. Para ir contestando un pouco a todas as preguntas. O da redución é, ben, pois hai unha lei de conciliación familiar e é unha modalidade que se permite dentro desta lei, de solicitar unha redución da túa xornada laboral para compaxinar a túa vida laboral e a familiar. E isto ata que teñas menores ata doce anos. E entón, estas traballadoras, pois acóllense a esta lei e solicitan esta redución de xornada laboral. Os problemas que me di o señor Padrón, non sei a cales se refire. Fai unha pregunta xenérica, non sei exactamente todos os problemas ou aqueles aos que vostede se refire. Eu, o que estou facendo é tomando cargo, facéndome cargo desta escola infantil. Estou escoitando ás traballadoras e á coordinadora e a miña función vai a ser, pois que esta gardería, esta escola infantil, pois funcione o mellor posible e dar o mellor servizo posible a todos os nenos e nenas. Tamén é certo que algunha circunstancia difícil, existía cando pois, temos baixas, por enfermidade ou baixas, ben pois puntuais, e non tiñamos con quen suplir este tipo de baixas. Neste momento temos unhas bolsas de contratación que nos permite de xeito xa inmediato, que pode ser





cuestión de horas nalgúns casos, canto temos unha baixa, que sabemos que ben, nos comunican, baixa xa de máis de un ou dous días, de poder chamar desta lista, desta bolsa de contratación para suplir esas ausencias, co cal ese problema témolo bastante superado, non? Creo que non vai haber por aí ningún tipo de problema. E á pregunta de por que dous anos, ben, pois parecíanos, un pouco, facelo de xeito que non teñamos que cada ano, estar pendentes de traelo ao pleno. Vale? Entón, era, pero ben, se a vostedes lle parece que temos que traelo todos os anos... as circunstancias non varían porque a redución de xornada vai a existir no tempo porque todos teñen menores de doce anos e vai existir esta situación. Polo menos nos vindeiros dous anos, e parecíanos máis fácil de ser máis áxiles e de ter contratada esta persoa para dous anos. Vale? E tipo de contrato? Pois non sei exactamente que tipo de contrato. Iso, fun asesorada polas persoas profesionais deste concello e recomendáronme pois, non o sabería dicir exactamente neste momento, non?. Pero elas fan o tipo de contrato que consideren máis legal e o máis conveniente. Non? Creo que, non sei se había outro, ah! Preguntábanme se a contratación dunha asistente ou dun técnico. Pono aquí arriba, informe de memoria de contratación dunha técnico ou dun técnico, non de asistente. Iso é o que está

O Sr. Alcalde toma a palabra: Engadir unha cuestión.

A Sra. Pérez toma a palabra (PSOE): Perdón, o inicio. Si, pois comezaría o un de setembro, que é cando comeza a escola infantil municipal de Barbadás.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Unha aclaración, segundo informa a señora secretaria, se se fai un contrato de acumulación de tarefas, só está vixente durante seis meses. É así. Entón, prorrogable, pero a situación para xerar estabilidade no funcionamento da gardería, dado que se trata dun período de tempo ou dunha situación que se vai prorrogar durante o tempo, entón, é prorrogable, pero a prórroga de contratos é sempre susceptible de interpretacións. Consideramos que o máis acorde ás necesidades da gardería, precisamente, ter dous anos unha estabilidade sen necesidade de andar formulando e realizando procesos de contratación sistemáticos que, primeiro pola situación do concello, da administración, e por outro lado, garante unha estabilidade para os traballadores e traballadoras da gardería. A quen lle corresponde agora? A vostedes, de novo. Teñen tres minutos. Ramón.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Si, hai que informarse ben. Ben, eu





contestar rapidamente, nun minuto e medio, cada un. Que, os problemas, señora concelleira, aquí houbo un pleno con esta sala abarrotada. Se daquelas non se decatou dos problemas que había na gardería, se llos teño que enumerar eu aquí, vamos, vostede estaba aquí para velos. Eh! Incluso con pancartas por todo o concello. Entón, non lles vou a relatar eu, porque debería sabelo vostede, os problemas que se presentaron aquí naquel pleno. Hai pouco tempo. Entón, eu quería saber se se solucionaron eses problemas. Se segue a haber as protestas dos pais. Se están organizando outro tipo de mobilización, ou algo. É o que lle estaba preguntando. Mire, entón, se agora, contratamos aquí por dous anos, pois noutras áreas do concello, pois tamén haberá que facer o mesmo sistema. Entón, non sei se isto vai a ser unha norma porque non o explican. Entón, e logo, un contrato, coma din vostedes, de dous anos, pois supoño que terémolo que estudar se, porque claro, nós tiñamos intención de votar a favor, pero, visto o que nos presentan, pois a parte neste pleno tan, así, a bote e correndo, pois non vamos poder votar a favor porque tampouco sabemos que clase de contrato vai a ser, que indemnizacións con leva ese contrato, se en vez de dous anos podería ser por catro, ou por tres, porque xa visto, cos mesmos argumentos podemos dicir que o contrato ao mellor pódese facer por catro anos xa directamente, e non por dous anos.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Por catro anos non é posible. Grazas.

A Sra. Varelas toma a palabra (Grupo Mixto): Canto tempo me queda? Vinte segundos?

O Sr. Alcalde toma a palabra: Un minuto, un minuto.

A Sra. Varelas toma a palabra (Grupo Mixto): Ben, a explicación que deu a concelleira non me vale porque se ela quere contratar a unha persoa, polo menos ten que saber que tipo de contrato se vai facer e non botar pelotas fóra os técnicos, os técnicos. Primeiro, hai que vir ao pleno informado de que contrato quere facer. Segunda cousa, se aquí se viñan facendo contratos de ano en ano, non entendo por que se cambia agora a modalidade a dous anos, porque podíamos facer un único pleno durante catro anos, aprobar todo e acabouse, ímonos para a casa. Ou sexa, que outra explicación que para min tampouco me é boa. E o máis importante de todo isto, para Democracia Orensana, é, que a gardería funcione e funcione moi ben. Vostede estivo aquí nun pleno, como lle dixo o señor Ramón, e había moitos problemas porque foi o pleno máis concurrido, e





penso que ese é o máis importante que vostede ten que velar. Velar porque a gardería municipal funcione e non haxa problemas, que non haxa divisións entre pais e profesores. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Grazas a vostede, dona Fina. Ten a palabra o voceiro do Bloque Nacionalista.

O Sr. Núñez toma a palabra (BNG): Dende o BNG estamos de acordo coa proposta que se nos trae aquí a aprobación. E entendemos que a temporalidade de dous anos, pois, se é factible, de feito este concelleiro informara de xeito similar cando tiña responsabilidade nesta área de xestión. E dende logo no BNG seguimos entendendo que se se pode programar, facer unha contratación por dous anos, evítanos estar todos os anos reiterando, traendo este tipo de proposta e facendo unha serie de xestións que se se poden solventar doutra maneira, para beneficio tamén do servizo, dende logo, estamos, entendemos que debe ser correcto. E nada máis. Estamos de acordo coa proposta, como digo.

O Sr. Alcalde toma a palabra: rematou, entón, vostede? Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Ben, pois despois de escoitar as respostas da responsable da área, a señora Pérez, vamos a ver, unha cousa é un contrato de obra ou servizo, como se lle ven realizando actualmente aos peóns, tanto de xardinería coma de obras, administrativos, e outra cousa é este tipo de contrato. Contrato que mellor encaixaría pola xustificación que nos están traendo aquí da urxencia, que ademais hai que lembrar que ven sen asinar, e o máis importante é que os informes, de cada unha das áreas, veña asinado, e non ven asinado nin ven datado. Entón sería un defecto de forma. Vamos a ver, coma ben dicía, o contrato que mellor se axusta a esta, a este informe, a esta urxencia que hoxe nos traen aquí é un contrato por acumulación de tarefas. Entón, se ben no ano 2018, nós votamos a favor porque realmente se xustificaba esas reducións de xornada, nós votamos a favor no caso de que agora mesmo sexa a contratación para o curso 2019/2020. Non entendemos axustado a dereita, a dereito, perdón, a contratación tamén para o ano, ou curso 2020/2021, polo tipo de contratación e pola xustificación que nos están a poñer enriba da mesa. Moitas grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Grazas don Manuel.





A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Continúo, continúo eu. Coma aínda me queda un segundo. Soamente facerlle unha pregunta á persoa que leva neste momento, Marga Pérez, a concelleira que vai levar o tema da gardaría. Refírome ás preguntas que facía o noso compañeiro, señor Padrón, como vai seguir o tema da coordinadora? Vostede vai facer algún cambio despois das protestas que houbo? Si gustaríanos saber ou se quere podemos pasar no seguinte pleno ordinario, pois que nos faga, podémolle pasar unha pregunta para ver coma vai ser iso. Ou é unha negociación do BNG que xa quedou enriba da mesa para continuar con ela? E entendemos que se vostede estivo nese pleno anterior, onde todas as queixas dos pais ían en referencia a esa persoa, se vostede vai continuar con esta labor? E, entendemos que por que non se tomou xa esta iniciativa por parte do señor Sarín no seu momento e tráeo agora e vota vostede a favor, que entendo que si, por que non se fixo anteriormente por este grupo de goberno? Tanto, BNG, que segue, aínda que non estean dentro do que é grupo de goberno, van a apoialo en todo, se vostede agora mesmo vota

O Sr. Alcalde toma a palabra: Sarín.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Se vostede vota a favor, está dicindo que vostede xa o podía ter feito anteriormente. Que queda mal coa cidadanía e cos pais da gardaría é o Bloque Nacionalista Galego. E vostede que era nese momento a persoa que dirixía a gardaría. Non entendemos por que se trae agora e non se trouxo anteriormente. Que alguén mo explique.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Chelo, ten o tempo esgotado. Moitas grazas. Señora concelleira.

A Sra. Pérez toma a palabra (PSOE): A ver. Eu si que estaba no pleno onde viñeron todos aqueles nais e pais para falar de problemas da gardaría. O que pasa é que a ver, aqueles problemas, eran situacións que se deron naquel momento, que un lle dixo, que outro fixo, que si... non sei, cousas que se deron naquel momento. Na actualidade, eses problemas non estamos a telos. De feito, eu teño xa falado con pais e nais, porque paso, ben, estou bastante tempo pola escola infantil, e estou na recollida, na entrega de nenos, e estou nas horas das comidas... un pouco para coñecer o funcionamento porque non o coñecía, non? Neste momento ninguén me transmitiu ningunha problemática, ningunha situación. Simplemente, ben, pois estou falando con todo o persoal, para a ver se hai





cambios ou non hai cambios, se hai descontento ou non hai descontento. E primeiro, pois, individualmente estou recadando información para ter xa, posteriormente, unha reunión, xa de todo o persoal e se hai que facer cambios, para que todo funcione perfectamente, pois claro que se vai a facer. Dende logo non vamos a meter unha situación que estea provocando cambios ou que dea lugar a problemáticas e nós pasar de tomar decisións nese aspecto. Co cal, si que vamos a facer se é necesario. Despois, o dos dous anos, ben, pois nós o traíamos pois precisamente para dar estabilidade ao persoal. Para contar xa cunha persoa que cubra esas horas das reducións de xornadas das outras traballadoras e para non sobrecargar tamén aquí, secretaria, ben, na administración con máis papeleos todos os anos porque se repite continuamente o mesmo informe, a mesma motivación, e ben, era un pouco para axilizar todo este proceso, non?. Entón, ese era o motivo principal. Logo, que non sexa o tipo de contrato, pois non, non teño tanta capacidade para coñecer todos os tipos de contrato. Oxalá, oxalá o soubera, pero a miña función coma concelleira é saber que existe unha necesidade, cubrir esa necesidade, se hai unha problemática para resolvela e para iso pido asesoramento neste concello e se neste concello me asesoran que o mellor son dous anos e hai un tipo de contrato que legalmente é o mellor, pois non fago ningún tipo de preguntas máis. Creo que contestei un pouquiño a todas as preguntas. Moitas grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ben, contestándolle un pouco por orde a certas cuestións que se verteron neste pleno, dicirlle ao señor Ramón que, este informe de intervención, evidentemente non se lle remite aos sindicatos. É un informe para un pleno no que se resolve que decidir sobre as alegacións. Non teñen dereito a recibir este informe previo ao pleno. eles van a recibir unha notificación coa resolución e se despois, unha vez notificada a resolución, coma cando se concede unha licenza de obra, por exemplo, notifícase a resolución, punto. A partir de aí, os sindicatos poden ter acceso ao expediente. Mentres tanto non, é unha información do plenario. Todos estabamos presentes aquí, cando se falou dos problemas da gardaría. Todos. Todos. E todos sabemos que había versións, e todos sabemos que tódolos servizos poden ser mellorables. O que está facendo a señora concelleira, é analizando a situación. Pondo en valor e vendo que posibilidades hai de mellora. Pero insisto, posibilidades de mellora hai en tódolos servizos. pero tamén dicir, que Fina, vostede, no pasado pleno,





supostamente fixo caso omiso das queixas dos pais e das nais. Entón, estabamos todos presentes aquí neste plenario.

A Sra. Varelas toma a palabra (Grupo Mixto): Caso omiso? Ai, señor alcalde.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Vostede afirmou o que afirmou. Non, están gravadas as intervencións, señora Fina. Vostede, tomou nota do que tomou nota. Do que tomou nota. Pero non facer caso omiso.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Vostede tomou nota do que tomou nota. Entón, todos estabamos aquí presentes.

A Sra. Varelas toma a palabra (Grupo Mixto): Si, si, caso omiso non.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Todos estabamos presentes e as respostas e as intervencións de cada un de nós están gravados no pleno. Escóiteos, escóiteos, por favor.

A Sra. Varelas toma a palabra (Grupo Mixto): Pero caso omiso é non falar, creo, verdade.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non, non,.

A Sra. Varelas toma a palabra (Grupo Mixto): Ah, vale.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Tome nota, escoite a súa intervención.

A Sra. Varelas toma a palabra (Grupo Mixto): Si, señor alcalde.

O Sr. Alcalde toma a palabra: E ademais, digo máis, saíu nun programa de televisión, vostede con iso

A Sra. Varelas toma a palabra (Grupo Mixto): E que ten que ver iso? Iso é facer caso omiso?

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señora Fina, estou falando eu. Non interrompín absolutamente a ninguén. Absolutamente a ninguén. Vale, recalco, a acumulación de tarefas son seis meses, non hai máis prazo, máis ca prorrogar. O que argumentou a señora concelleira é o que procede neste caso. É dicir, evitar procesos selectivos, e dicirlle tamén ao señor Ramón, que xa houbo máis procesos selectivos nos que que vai facendo a selección e a contratación por dous anos. Xa houbo varios. A xustificación? Pois a xustificación é ben sinxela, que cumpre a legalidade e evitar en todos os casos novos procedementos selectivos, ben, pero a nós non nos asesoraron nese senso antes, Ramón. Nunca se nos dixo que se podía facer por dous anos. Agora infórmansenos de





que se poden facer por dous anos, pois tomamos nota do que se nos asesora e somos cumpridores da legalidade que se nos comunica. Ata aí é o que hai. Non hai outra razón. Señora Chelo, volve facer mención vostede, a min gustaríame que fixera mención cando se fala da coordinadora, ou da coordinación da gardaría, que fixera mención dunha traballadora. Non que fixera mención dunha persoa. Estamos falando de postos de traballo que poden estar asimilados a unha persoa ou a outra. A unha traballadora ou a outra. Vostede, hoxe aquí, volveu a falar dunha persoa. Creo que debemos falar dun posto de traballo. Simplemente, si, non dixo o nome pero dixo unha persoa. Non, dixo unha persoa, e consta tamén na acta. E constará na acta porque estará no audio. Dixo unha persoa. Non, eu, simplemente fago unha matización. Dicir, dicir, unha traballadora. Nada máis. Non, non se trata, e que claro que si pero creo que é, a coordinación desempeña a unha traballadora. Que si que é unha persoa, si pero, para non puntualizar e non entrar en personalizacións. Nada máis.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Isto é increíble.

Eu podo emitir a miña opinión, señora Chelo Vispo.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Si, si, está en todo o seu dereito.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Igual que pódeme resultar increíble o que digan outros ou outra aquí, pero non

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Está en todo o seu dereito.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Perfectamente, pois grazas por recoñecerme ese dereito. Votos a favor desta contratación? Abstencións?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Partido Socialista e BNG

O Sr. Alcalde toma a palabra: Si. Abstencións?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Abstencións, non hai. Votos en contra? Grupo Mixto e Partido Popular, en contra.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pois xa está.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Señor alcalde, unha pregunta

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non hai rogos nin preguntas neste caso.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Non, é porque de aquí en diante se pode dicir a miña persoa coma señor Ramón Padrón

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ou don Ramón.





O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Non, señor Padrón, porque hai outro Ramón aquí na sala, entón ao mellor nas actas di señor Ramón e pensan que está

O Sr. Alcalde toma a palabra: Tomarei nota. Ten razón.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Era por iso.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Tomarei boa nota.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Señor Ramón Padrón ou señor Padrón.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Grazas. Levántase a sesión.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor de PSdeG-PSOE e BNG e os votos en contra de PP e Grupo Mixto o seguinte acordo: “**Expediente 2889/2019. Declaración de necesidade urxente e inaprazable para a contratación dun/ha técnico/a para a escola infantil municipal**”

Concluído o anterior, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as 10:40 horas no lugar e data ó principio indicados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como secretario, dou fe.

O ALCALDE

A SECRETARIA XERAL

